



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-7

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

8 de Maio de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

11:34

Hora de Finalización

11:58

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 03.04.2024 (ACTA 2024/6)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACION DE DEBEDA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024. MEDIDA "RETRIBUCIONS DE PERSOAL"

O Sr. Alcalde inicia o tratamento deste punto da Orde do día, lembrando que de acordo coas **Bases** para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de **2024**, (**BOP núm. 290, do 20.12.2023**), foi a **Xunta de Goberno**, na súa **sesión do 16.01.2024** quen acordou solicitar da Deputación os diferentes investimentos e actuacións a realizar por parte do Concello con cargo ao devandito Plan.

Polo que respecta ao programa de gasto corrente, medida:

Denominación: **Retribucións de Persoal.**

Orzamento total **19.480,78 euros.**

Achega provincial: **19.480,78 euros.**

Chegado o momento actual de execución orzamentaria, superouse o gasto a xustificar ante a Deputación, para poder solicitar o aboamento dos fondos correspondentes.

Para elo, vista a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada favorablemente pola Intervención municipal, procede adoptar acordo de aprobación da mesma e de remisión da





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

documentación oportuna á Deputación Provincial para o libramento dos fondos correspondentes.

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención, de acordo có seguinte resumo:

CONTRATACIÓN	DURACIÓN	SOLDO	S.SOC. EMPRESA	TOTAL GASTOS
MANUEL SERAFIN SALGADO RIVERA	01.01 – 30.04	8.273,20	2.658,18	10.931,38
MARÍA GONZÁLEZ RIVERO	01.01 – 31.03	6.903,26	1.814,17	8.717,43
TOTAIS PARCIAIS		15.176,46	4.472,35	19.648,81
GASTOS TOTAIS RETRIBUCIÓNS DE PEROSAL				19.648,81

Os postos desempeñados polos traballadores contratados foron:

Manuel Sefarin Salgado Rivera: encargado xeral.

María González Rivero: auxiliar administrativa.

SEGUNDO: Declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda por importe de **19.480,78 euros (dezanove mil catrocentos oitenta euros con setenta e oito céntimos)**, mediante Resolución da Excm. Deputación Provincial de Ourense. E igualmente aplicáronse os fondos destinados para tal efecto.

TERCEIRO: Declarar que a xustificación da subvención concedida, refírese ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención:

PROXECTO SOLICITADO	EUROS	PROXECTO FINAL	EUROS
Retribucións de persoal	19.480,78	Retribucións de persoal	19.648,81
Total	19.480,78	Total	19.648,81

CUARTO: Declarar que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

SEXTO: Declarar que o concello de Castrelo do Val atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

SÉTIMO: Declarar que na execución da actuación cumpriuse coas bases do Plan provincial para o exercicio **2024**.

OITAVO: Dar trasladado presente acordo á Deputación Provincial de Ourense e solicitar o ingreso dos fondos correspondentes nas arcas municipais.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

3º. CONVOCATORIA POLA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DO PROGRAMA DE COOPERACION BENOURENSE PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA SAF BASICO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO 2024

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da publicación no **BOP núm. 87, do 6 de maio de 2024**, das Bases reguladoras da convocatoria do Programa de Cooperación SAF Básico para o **exercicio 2024**, así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto que se presenta e para o cal se solicita subvención, a saber: "SAF Básico municipal".

SEGUNDO. Acordar a adhesión do Concello de Castrelo do Val ao Programa de Cooperación SAF Básico para o **exercicio 2024**.

TERCEIRO. Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Ourense, ó abeiro da devandita convocatoria o financiamento do proxecto anteriormente sinalado.

CUARTO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

4º. CONVOCATORIA POLA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DO PROGRAMA DE COOPERACION BENOURENSE INFANCIA PARA O FINANCIAMENTO DE SERVICIOS MUNICIPAIS COMPLEMENTARIOS A INFANCIA PARA O EJERCICIO 2024

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da publicación no **BOP núm. 87, do 6 de maio de 2024**, das Bases reguladoras da convocatoria do Programa de Cooperación BenOurense Infancia - Servizos complementarios para o **exercicio 2024**, así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto que se presenta e para o cal se solicita subvención, a saber: "Servizo do programa municipal almorzos saudables".

SEGUNDO. Acordar a adhesión do Concello de Castrelo do Val ao Programa de Cooperación BenOurense Infancia- servizos complementarios para o **exercicio 2024**.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

TERCEIRO. Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Ourense, ó abeiro da devandita convocatoria o financiamento do proxecto anteriormente sinalado.

CUARTO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

5º. CONVENIO PARA UTILIZACION DUNHA PARCELA PRIVADA NA TRAVESIA O TOURAL COMO APARCADOIRO PUBLICO.

Ao longo dos 115 metros da Rúa Toural concéntranse o **centro de saúde** que atende aos case mil habitantes do concello; un **caixeiro automático** de ABANCA (único no concello); a **farmacia** (única no concello); o **CEIP** con máis de 85 alumnos e máis de 15 docentes e persoal de cociña; a **casa niño** con cinco prazas e a súa responsable; a **oficina** de atención ao público da **Confederación Hidrográfica** del Duero; e a **Casa do Concello**, con todos os servizos administrativos, urbanísticos e sociáis municipais.

A **coincidencia** nun espazo tan pequeno de tantos e tan diferentes servizos, concentra de luns a venres en horario de mañá a **varios centos de persoas** que desplázanse ata o lugar en **vehículos particulares** (ademáis dos autobuses do transporte escolar)

Moitas destas persoas e especialmente o **persoal sanitario** do centro de saúde; o **persoal docente** e de servizos do CEIP; o **persoal municipal**; e todos os **usuarios** destes servizos públicos así como do caixeiro, estacionan e aparcan os seus vehículos ao longo tanto da **Rúa Toural**, como da paralela **Travesía Toural**.

Certamente estas **dúas rúas non teñen capacidade** para dar cabida ao aparcamento dos vehículos que diariamente o fan, polo que os **problemas son constantes** e especialmente a **interrupción do paso dos autobuses** do transporte escolar que sucede un día sí e outro tamén.

Resulta pois **necesario habilitar**, nas inmediacións do lugar, **un espazo amplo** para adicalo a aparcadoiro público que solvente a situación descrita.

Neste sentido, na marxe dereita da Travesía do Toural, xusto fronte a fachada sur da Casa do concello **existe unha parcela duns 2.000 m2** e cunha fronte de 48 metros, que resultaría idónea pola súa ubicación e dimensións para a súa utilización como aparcadoiro público.

Así pois, contactouse có **propietario que manifestou a súa conformidade** coa proposta de utilización da súa parcela como aparcadoiro público, coa **contraprestación por parte do Concello da limpeza de vexetación** durante o tempo en que se empregue como aparcadoiro e a asunción do importe do recibo anual de IBI da finca.

Por todo o que, ao considerar **conveniente para os intereses municipais** o dispoñer da





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

parcela en cuestión nas condicións expostas; e ao resultar **beneficioso para o conxunto da poboación** que diariamente accede aos edificios e servizos públicos enumerados: é polo que **DISPOÑO**:

A apertura e tramitación do oportuno expediente administrativo para a sinatura dun **CONVENIO** entre o Concello de Castrelo do val e o propietario da Parcela 398, do Polígono 501, lugar "O Regato" co núm. de Referencia Catastral 32022A501003980000AX, de acordo có seguinte:

Duración: Catro (4) anos

Obrigas do Concello:

- Asunción da **xestión da biomasa da parcela** no tempo de duración do Convenio.
- Asunción do **importe do IBI da parcela** no tempo de duración do Convenio (O importe en 2024, resulta ser de 93,15 euros).
- **Finalización do uso** como aparcadoiro a requerimento do propietario con quince días de antelación **antes do remate do prazo de catro anos**, en caso de venda ou **necesidade polo seu titular**.

6º. CONVENIO PARA UTILIZACION DUNHA PARCELA PRIVADA NA RUA O PASEO COMO PUNTO DE UBIACION DE CONTENEDORES.

O Sr, alcalde explica o seguinte:

No arranque da Rúa Toural, ao lado da **farmacia** e xusto fronte ao **centro de saúde**, atópanse os seguinte contenedores para recollida de residuos:

- **Dous** contenedores de 800 l. **verdes** para recollida de RSU **fracción resto**.
- **Dous** contenedores de 800 l. **amarelos** para recollida de **envases lixeiros**.
- **Un** contenedor de 1 m3 para recollida de **papel cartón**.
- **Un** contenedor de 1 m3 para recollida de **vidro**.
- **Un** contenedor de 1 m3 para recollida de **roupa**. (Cáritas)
- **Un** contenedor de 240 l. para recollida de **aceites domésticos usados** (Deputación)

Esta concentración de contenedores no lugar, ocasiona un **problema de salubridade**, especialmente nos meses de verán, precisamente pola súa ubicación entre as dúas instalacións de servizos sanitarios no concello: **centro de saúde e farmacia**.

Para evitar este problema, **resulta preciso reubicar todos estes colectores** noutro lugar de fácil acceso para os veciños e que ao tempo permita, o acceso dos diferentes vehículos de recollida (Mancomunidade, Deputación e Cáritas) para as tarefas de recollida dos diferentes elementos depositados.

Resulta pois **necesario habilitar**, nas inmediacións do lugar, **un espazo onde concentrar todos os contenedores (illa ecolóxica)** que reuna condicións idóneas de ubicación,





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

salubridade e garante a seguridade vial.

Neste sentido, na marxe esquerda da OU 112, xusto fronte a farmacia **existe unha parcela duns 240 m²**, na rúa O Paseo, distante uns 40 metros do lugar onde actualmente se atopan os contenedores sinalados; e que resultaría **idónea** pola súa ubicación e dimensións para a súa utilización como **illa ecolóxica**.

Así pois, contactouse cós **proprietarios que manifestaron a súa conformidade** coa proposta de utilización da súa parcela como illa ecolóxica, coa **contraprestación por parte do Concello da limpeza de vexetación** durante o tempo en que se empregue como tal e a asunción do importe do recibo anual de IBI da finca.

Por todo o que, ao considerar **conveniente para os intereses municipais** o dispoñer da parcela en cuestión nas condicións expostas; e ao resultar **beneficioso para o conxunto da poboación** que diariamente accede aos edificios e servizos públicos sanitarios a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar a sinatura dun **CONVENIO** entre o Concello de Castrelo do Val e os propietarios da parcela sita na Rúa O Paseo en castrelo do Val, co número de Referencia Catastral 0697907PG3409N0001AK, de acordo có seguinte:

Duración: Catro (4) anos

Obrigas do Concello:

- Arranxo do murete do lateral da parcela.
- Asunción dunha compensación económica anual polo importe de **175,00 euros**.
- **Finalización do uso** como **illa ecolóxica** a requerimento do propietario con quince días de antelación **antes do remate do prazo de catro anos**, en caso de venda ou **necesidade polo seu titular**.

SEGUNDO: Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo en documento administrativo perante o Secretario municipal.

7º. COLABORACION DO CONCELLO COA VIAXE DE ESTUDOS DOS ALUMNOS DE 6º DE PRIMARIA DO CEIP RAUL FERNANDEZ

O Sr. Alcalde pasa a dar conta aos presentes dun escrito de data 29.04.2024 que presenta o **CEIP** Plurilingüe Raúl Fernández de Castrelo do Val, no que se **expón** que os sete alumnos de sexto curso de primaria, realizarán unha **viaxe de estudos** a Madrid os vindeiros días 15 e 16 de maio de 2024, cun custo global de 2.100,00 euros; e no que se **solicita** a colaboración económica do concello para **sufragar parcialmente** dito custo.

Polo que:

Ao considerar que a actividade académica proposta polo CEIP para os seus alumnos resulta





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

beneficiosa para a súa formación e redunda nun beneficio xeral para un sector da poboación en idade escolar e, xa que logo, coincide có interés e competencia municipal en materia de "*participación na programación da educación e a cooperación coa administración educativa*" recollida no **artigo 80.2 ñ)** da **Lei 5/1997**, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ao ter en conta que de acordo co primeiro párrafo do devandito artigo **artigo 80 da Lei 5/1997**, "*o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e promover todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.*"

A Xunta de Goberno **ACORDA**:

Asumir a cantidade de 210,00, máis IVE do custo de organización da viaxe de estudos descrita, con cargo á partida do orzamento municipal vixente adicada a gastos de actividades culturais, deportivas e de fomento do turismo, tempo libre e lecer.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

